

Literatura

infantil e xuvenil

 Vicens Vives



ESCANÉAME

Pillota
Cucaina


Accede á literatura de Vicens Vives e escolle o formato que mellor se adapte ás túas necesidades

Dispoñible compra en papel



Dispoñible compra en edubook

Máis de 200 títulos accesibles desde calquera dispositivo.





Literatura infantil e xuvenil

As coleccións **Pillota** e **Cucaina** reúnen unha serie de lecturas caracterizadas pola súa calidade literaria, pola súa atractiva presentación formal e pola excelencia das súas abundantes ilustracións.

En ambas as series conviven autores do Estado español e estranxeiros de relevo, ben sexa nos seus textos orixinais, en coidadas traducións ou en deliciosas e esmeradas adaptacións.

En **Pillota** e **Cucaina** publícanse relatos de escritores como David McKee, Oscar Wilde, Charles Dickens, Jules Verne, H. C. Andersen, que, ao tempo que nos conmoven coa beleza das súas historias, nos proporcionan sabias leccións sobre a natureza do ser humano.

La necesidade de sermos solidarios e de aprendermos a confiar en nós mesmos son mensaxes habituais nunhas

coleccións nas que poden atoparse atractivas mostras de todos os xéneros literarios: o misterio e a intriga dos relatos policiais, a comicidade e o desenfado dos contos de humor, os prodixios da ciencia ficción, o terror das historias de pantasmas, as marabillas dos contos de fadas...

Estas coleccións alicérganse sobre o que constitúe a esencia da literatura: unha atención preferente á linguaxe e unhas historias cativadoras que amplíen os horizontes dos pequenos lectores, os axuden a se entenderen a si mesmos, fagan que vivan outras vidas para cambiar a súa e descubran outros mundos para mellorar o seu. **Pillota** e **Cucaina** aspiran, por riba de todo, a fomentar o pracer da lectura e a estimular a imaxinación e a fantasía. Asemade, propóñense invitar á reflexión sobre o lido, contribuír a educar o gusto literario de nenas e nenos e ampliar a súa bagaxe lingüística.

Colección Pillota

A colección **Pillota** vai destinada aos nenos e ás nenas que se inician na lectura. De aí que os textos estean escritos nunha **linguaxe sinxela**, teñan unha extensión limitada e se compoñan nunha letra de xeneroso tamaño.


Para que a lectura sexa dobremente pracenteira, os libros contan cun gran número de **ilustracións** de artistas de sona internacional.

Todos os volumes conteñen unha sección de **actividades** coas que se pretende que os pequenos lectores:

- ♦ Afiancen a comprensión da historia.
- ♦ Capten os valores que encerra o libro.
- ♦ Desenvolvan a capacidade de creación a partir de suxestións que nacen do relato.

TODOS OS VOLUMES CONTAN
CUNHA GUÍA DIDÁCTICA





As **abundantes ilustracións** en cor son obra de prestixiosos ilustradores nacionais e estranxeiros.

O capitán paseou ao redor do meu castelo fitándoo con moito interese, e cando viu o foso aturuxou cun berro a súa tripulación:
—Na miña vida vira a ninguén que cavase así! Este rapaz deféndese coa pa que dá xenio velo!
—DÁ XENIO, SI! —asentiron os outros.
—Como te chamas, grumete? —preguntoume o capitán.
—Chámome Breixo Xaviña, señor —respondín.



O **texto literario** está composto cunha letra facilmente lexible.

Todas as **actividades** pretenden afianzar a comprensión do relato e teñen unha orientación lúdica.

actividades

- d) A Sisto descóbrenlo por culpa dun arrefriado. Por que o veterinario sospeita del?
- ☐ Porque ve que Sisto leva enriba seis bufandas.
 - ☐ Porque todos os gatos negros son ben tramposos.
 - ☐ Porque se decata de que atendeu seis veces o mesmo gato.
- e) Cando o descubren, Sisto múdase á praza dos Biosbar-dos. Deixan os seus novos amos que cee seis veces?
- ☐ Si, pero só se caza un rato acotío.
 - ☐ Si, porque comprenden que Sisto é un gato de seis ceas diarias.
 - ☐ Non, porque cren que Sisto vai estoupar de tanto comer.
- 2) Que estará a pensar Sisto en cada un dos debuxos reproducidos embaixo? Escribe nos cadros da páxina seguinte a letra do debuxo que corresponde a cada frase.



36

sisto seis ceas

1. Que recendo máis bo bota esa pota!
 2. Uf, vaia enchente que collín!
 3. Onde se metería ese bichoco?
 4. Son o gato máis fino e educado do mundo.
 5. Achégao máis e verás como lle chanto o dente!
 6. Isto si que é pasalo ben!
- 8) O seguinte cadro é unha sopa de letras. Tes que atopar os nomes das seis comidas que cea Sisto na casa dos seus donos e rodealos cun círculo.



Comentario e creación

- 1) Para cear seis veces, Sisto engana os seus amos. Pareceche que fai ben, ou cres que é un aproveitado? Que farías ti se tiveses un gato coma Sisto? Rifaríaslle? Daríaslle máis de comer? Desfariaste del?
- 2) Se ti quixeses cear seis veces, cal das seguintes cousas farías? Non esquezas dicir por que:

37



1. Sisto Seis Ceas


Inga Moore

Ilustracións de Inga Moore

O pillabán gato Sisto pertence a seis amos, vive en seis casas e cada día cea seis veces. Como cada un dos seus amos cre que o gato é de seu e só de seu, a vida de Sisto é unha auténtica bicoca... até que un día colle un arrefriado e o veterinario descobre a argallada...!

Valores: Amizade, compañeirismo, confianza, criterio propio, diversidade, xenerosidade, imaxinación, tolerancia.

Desde 6 anos	Conto de humor
40 páxinas	ISBN: 978-84-682-1034-6



2. A ladroa de bágoas


Carol Ann Duffy

Ilustracións de Nicoletta Ceccoli

Cada noite, entre a hora da cea e a de irse deitar, a invisible ladroa de bágoas bota un saco prateado ao lombo, diríxese a todas as casas onde oe unha nena ou un neno chorar, rúballe as bágoas e méteas no seu saco. Pero, que fai con todas as bágoas que amorea no seu invisible saco? E por que aprecia, sobre todo, as bágoas dos nenos que choran de tristura?

Valores: Creatividade, imaxinación, responsabilidade, solidariedade.

Desde 6 anos	Conto fantástico
48 páxinas	ISBN: 978-84-682-1033-9



3. Os meus amigos os piratas

Melinda Long

Ilustracións de David Shannon

O pequeno Breixo vive a aventura da súa vida o día que os piratas de Barbatrenzada lle piden axuda para soterrar o seu tesouro. A bordo do barco pirata, Breixo pásao coma nunca: aprende a divertida linguaxe dos bucaneiros, imita os seus rudos modos e come só o que lle peta sen que ninguén lle rife. Pero cando xa decidiu converterse en pirata, algo ocorre que fai que mude de opinión...

Valores: Amizade, compañeirismo, confianza, creatividade, criterio propio, diversidade, valentía.

Desde 6 anos	Conto de aventuras
48 páxinas	ISBN: 978-84-682-1061-2




4. Elmer

David McKee

Ilustracións de David McKee

Elmer non é un elefante calquera. A súa pel é de remendos de moitas cores: son amarelos, azuis, encarnados, verdes, rosas, negros... Canso de ser diferente, un día Elmer decide pintarse de cor gris e facerlles unha broma aos demais elefantes, e todos rebotan coa risa coa ocorrencia de Elmer. E é que Elmer non só ten a pel de cores, senón que é o elefante máis divertido e enxeñoso de toda a manda.

Valores: Amizade, compañeirismo, confianza, creatividade, criterio propio, diversidade, imaxinación.



Desde 6 anos	Conto de humor
40 páxinas	ISBN: 978-84-682-1091-9

5. O soldadiño de chumbo


H. C. Andersen

Ilustracións de Gianni De Conno

Unha noite máxica en que os xoguetes cobran vida, un soldadiño de chumbo namórase perdidamente dunha bailarina feita de retallos de papel. Pero a maldición dun trasgo malévolo interrompe ese idilio apenas iniciado e provoca que o soldadiño pase por unha sarta de penalidades. Conseguirá o valente soldadiño superalas? Logrará que o seu amor pola fermosa bailarina sexa correspondido?

Valores: Diversidade, imaxinación, responsabilidade, valentía.

Desde 6 anos	Conto moral
48 páxinas	ISBN: 978-84-682-1190-9



6. O peto máxico


Roberto Piumini

Ilustracións de Anna Laura Cantone

Nesta colección de contos coñeceremos a historia dun pirata bondadoso e a dun príncipe malcriado, a de dous pés que non paran de amolar o seu dono e a do inxenuo inventor que devece por voar... Uns contos están narrados en prosa e outros en verso, uns son humorísticos e outros maravillosos... Pero todos eles teñen algo en común: a defensa de valores morais como a xenerosidade, a gratitude, a solidariedade, a tolerancia e a diversidade.

Valores: Compañeirismo, confianza, constancia, creatividade, criterio propio, diversidade, xenerosidade, imaxinación, xustiza, ecoloxía, solidariedade, responsabilidade, tolerancia, valentía.

Desde 8 anos	Contos morais
112 páxinas	ISBN: 978-84-682-1092-6



7. Noiteboa de pantasmas


Charles Dickens

Adaptación de José María Pérez Zúñiga
Ilustracións de Patrick Benson

O vello Ebenezer Scrooge é un túzaro e un egoísta incorrrible que explota o seu empregado e nunca pensa nos demais. Pero unha Noiteboa aparécenselle varias pantasmas que lle fan entender que o mundo está cheo de persoas que precisan a súa axuda e o seu afecto..., e o corazón do vello avaro muda para sempre.

Valores: Amizade, confianza, constancia, creatividade, xenerosidade, imaxinación, xustiza, responsabilidade, solidariedade.

Desde 8 anos	Relato fantástico e moral
80 páxinas	ISBN: 978-84-682-1157-2



8. Cobrelúas


Éric Puybaret

Ilustracións de Éric Puybaret

Nino é un rapaz con sorte. Acaban de nomealo Cobrelúas, o oficio co que sempre soñou. En diante, cada noite terá que tapar unha parte da lúa para que a vexamos devalar e arregoar. Por desgraza, Nino perde a pastilla que lle permitirá voar até o seu lugar de traballo! Daquela, os habitantes da localidade deciden botarlle unha man, e é así como nos aprenden que nada resulta imposible cando traballamos en grupo e unimos esforzos.

Valores: Amizade, compañeirismo, confianza, constancia, creatividade, xenerosidade, imaxinación, responsabilidade, solidariedade.

Desde 6 anos	Conto fantástico e solidario
48 páxinas	ISBN: 978-84-682-1191-6



9. Rafa a garza e Fonso o raposo

Laurence Tichit

Ilustracións de Éric Puybaret

Rafa a garza e Fonso o raposo son veciños, pero non son amigos. Parece natural, porque son tan diferentes! A Fonso gústalle cociñar, coidar da horta e bañarse na piscina; a Rafa, en cambio, non lle gusta a auga, encántalle arrandearse e aborrece a cociña. A dicir verdade, Fonso e Rafa son moi diferentes para seren amigos... Ben, polo menos iso é o que din eles...

Valores: Amizade, compañeirismo, criterio propio, diversidade, xenerosidade, tolerancia.

Desde 6 anos	Fábula
40 páxinas	ISBN: 978-84-682-1437-5



10. O castelo do Barallete


Malachy Doyle

Ilustracións de Paul Hess

O avó de Miguel, Fantasio Bardalleiro, é un home moi divertido que emprega unha linguaxe con palabras que el mesmo inventa. A que lle chama o enxeñoso Bardalleiro «chafacholas»? E que son as «cachadedas»? Miguel terá que aprender a marchas forzadas a orixinal fala do seu avó se quere salvar do «queimaquepela» o castelo do Barallete.

Valores: Creatividade, diversidade, imaxinación.

Desde 6 anos	Conto de enxeño
40 páxinas	ISBN: 978-84-682-1438-2



11. Todos para un e un para todos

Brigitte Weninger

Ilustracións de Eve Tharlet

Aínda que o rato Torcuato ten dificultades para camiñar, un bo día emprende unha viaxe para coñecer o mundo. Polo camiño bate cunha toupa cegarata pero de aguzado olfacto, cunha ra xorda pero áxil, cun cachourizo medorento pero cunha boa protección... E todos acordan unirse e axudarse os uns aos outros para conseguir o que se propoñen.

Valores: Amizade, compañeirismo, confianza, constancia, criterio propio, diversidade, xenerosidade, solidariedade, tolerancia, valentía.



Desde 6 anos	Conto de animais
40 páxinas	ISBN: 978-84-682-1439-9



12. Os Conquistadores


David McKee

Ilustracións de David McKee

Tras conquistar medio mundo, o xeneral dun país moi poderoso decide apoderarse dun pequeno territorio. Pero cando as tropas do xeneral o invaden, os seus habitantes convidan os soldados aos seus fogares e apréndenlles os seus costumes. De alí en diante, todo cambiará no país dos conquistadores... David McKee, o famoso autor de *Elmer*, ridiculiza neste conto a belicosidade e proponnos un mundo baseado na diversidade e a irmandade entre os pobos.

Valores: Amizade, compañeirismo, criterio propio, diversidade, xenerosidade, imaxinación, xustiza, responsabilidade, tolerancia, valentía.

Desde 6 anos	Conto moral
40 páxinas	ISBN: 978-84-682-1440-5



13. Non me gusta ler!


Rita Marshall

Ilustracións de Etienne Delessert

A Vítor Castelaon non lle gusta ler, e nada nin ninguén logra convencelo de que ler é divertido. Mais, certo día, o rapaz abre un libro de mala gana e descobre que as palabras que ten escritas encerran un mundo marabilloso... que vai cobrando vida diante dos seus abraidos ollos. A aventura e uns personaxes fantásticos engaiolan até tal punto a súa imaxinación que, desde aquela, nada nin ninguén consegue convencelo de que... deixe de ler.

Valores: Creatividade, imaxinación, responsabilidade.

Desde 6 anos	Conto fantástico
48 páxinas	ISBN: 978-84-682-1441-2



Colección Cucaina

TODOS OS VOLUMES CONTAN
CUNHA GUÍA DIDÁCTICA



O **texto literario** está composto cunha letra facilmente lexible. As abundantes **ilustracións** en cor son obra de prestixiosos ilustradores nacionais e estranxeiros.

A **nota léxica** está redactada con gran sinxeleza e claridade.

As **actividades** ofrécese como complemento da lectura e estrutúranse en tres apartados:

- ♦ En «Comprensión» ou «Argumento» repásanse os episodios ou as situacións claves que fan progresar a acción.
- ♦ En «Comentario» e «Expresión» vaise alén da comprensión superficial da obra, e, en función da idade á que se destina cada lectura, reflexiónase sobre personaxes, temas, valores éticos etc.
- ♦ En «Creación» e «Expresión» propóñense toda unha serie de actividades creativas arredor da obra: composición de textos escritos, debates, dramatizacións etc.

Todos os volumes contan cunha **guía didáctica**.

Argumento

1 De que
Que su

2 A ando
e repa
estaba
(p. 19)

3 O Prin
para i
demo

a
b
c
d

4 En q
por e
riña

5 Ao
mai
dec

As **actividades**, divididas en tres seccións, constitúen unha guía sinxela e amena para tirar maior rendemento da lectura.

As abundantes **ilustracións** en cor son obra de prestixiosos ilustradores nacionais e estranxeiros.



As **notas** están redactadas con gran sinxeleza e claridade.

O **texto literario** está composto cunha letra facilmente lexible.

1. A voz dos sonhos e outros contos prodixiosos

Hugh Lupton

Ilustracións de Niamh Sharkey

Como pode ver un cego con máis claridade que un cazador? É posible que chovan moletes e que os peixes naden entre a herba dos bosques? As cativadoras historias deste libro advirtennos contra as persoas contiñeiras, suxírennos que confiar nos sonhos non sempre resulta desatinado, e apréndennos que o máis sabio é quen ve cos ollos da mente... e do corazón.

Valores: Amizade, confianza, constancia, creatividade, criterio propio, diversidade, xenerosidade, honradez, imaxinación, ecoloxía, responsabilidade, solidariedade, tolerancia.

Desde 8 anos	Contos fantásticos
80 páxinas	ISBN: 978-84-682-1062-9



2. O Xigante egoísta e outros contos

Oscar Wilde

Ilustracións de P. J. Lynch

Este libro reúne os contos máis fermosos e conmovedores de Oscar Wilde, os seus relatos máis dotados de valores morais. Os protagonistas destes contos alcanzan a felicidade e o amor cando, renunciando ao egoísmo, se mostran amables e xenerosos e se preocupan polo ben dos demais.

Valores: Amizade, confianza, creatividade, xenerosidade, honradez, responsabilidade, solidariedade.

Desde 9 anos	Contos morais e fantásticos
104 páxinas	ISBN: 978-84-682-1104-6



3. Fábulas de Esopo


Jerry Pinkney

Ilustracións de Jerry Pinkney

Neste fermoso libro escolmáronse sesenta fábulas de Esopo, un xénero e un autor imitados sen descanso. A súa permanente popularidade non é de estrañar, pois cada relato depara unha sorpresa: un muiñeiro e seu fillo deciden levar un burro ao lombo, un lobo disfrazase cunha pel de ovella, unha gansa pon ovos de ouro, un sapoconcho gáñalle a unha lebre nunha carreira...

Valores: Amizade, compañeirismo, confianza, constancia, criterio propio, xenerosidade, honradez, imaxinación, xustiza, responsabilidade, solidariedade.

Desde 9 anos	Contos morais e fábulas
128 páxinas	ISBN: 978-84-682-1133-6



4. Conto de Nadal

Charles Dickens


Adaptación de Pablo Antón Pascual

Ilustracións de Christian Birmingham

Ao vello avarento Ebenezer Scrooge aparécenselle unha noite catro espectros que fan que recapacite sobre a súa conduta e que lle amosan o sinistro futuro que terá se teima no seu egoísmo. Con este conmovedor relato, Dickens propúxose remover as consciencias dos seus lectores e convencelos da necesidade de seren bondadosos e de practicaren a caridade nun mundo inxusto.

Valores: Amizade, confianza, constancia, xenerosidade, imaxinación, xustiza, responsabilidade, solidariedade.

Desde 11 anos	Relato moral e de fantasía
112 páxinas	ISBN: 978-84-682-1071-1



5. Mitos gregos

Maria Angelidou

Adaptación de Miguel Tristán

Ilustracións de Svetlin

Toda a maxia e a beleza da mitoloxía aparecen reflectidas nos catorce mitos gregos desta antoloxía, que foron recreados con cativadora amenidade. O libro explica, entre outras historias, a loita de Teseo contra o Minotauro, a lenda da caixa de Pandora, o desafortunado voo de Ícaro, a viaxe de Orfeo aos infernos e a astucia do cabalo de madeira co que Ulises puxo fin á guerra de Troia.

Valores: Confianza, constancia, creatividade, criterio propio, xenerosidade, imaxinación, xustiza, responsabilidade, solidariedade, valentía.

Desde 11 anos	Relatos mitolóxicos
128 páxinas	ISBN: 978-84-682-1049-0



6. Un tirón no rabo


Mary Hoffman

Ilustracións de Jan Ormerod

Que acontece cando un lobo comellón pretende papar a ovella máis repoluda? E cando un raposo presume da súa velocidade diante dun caranguexo? Neste libro reúnen once divertidas historias de animais, nas que o lector descubrirá que se un se pasa de listo, é demasiado cobizoso ou se comporta coma un farfallán, pode saír bastante malparado.

Valores: Amizade, confianza, creatividade, criterio propio, diversidade, xenerosidade, imaxinación, responsabilidade, valentía.

Desde 8 anos	Fábulas e contos de animais
112 páxinas	ISBN: 978-84-682-1268-5



7. Aprendiz de detective Un roubo moi custoso

William Irish

Ilustracións de Rubén Pellejero

A intriga, a emoción e o suspense atrapan o lector desde a primeira á última liña destes dous magníficos relatos policiais. No primeiro deles viviremos a aventura dun verdadeiro «aprendiz de detective». O humor negro de *Un roubo moi custoso*, en troques, culmina nun arrepiante desenlace.

Valores: Amizade, compañeirismo, constancia, criterio propio, honradez, xustiza, responsabilidade, valentía.

Desde 10 anos	Misterio e humor negro
128 páxinas	ISBN: 978-84-316-2941-0



8. Relatos de monstros


Steven Zorn

Ilustracións de John Bradley

Polas páxinas deste libro espreitan toda clase de monstros: un marabilloso dragón, uns enredantes trasnos, a criatura do doutor Frankenstein, un temible lobishome... Os seis relatos que narran as súas aparicións farán que arrepies de medo, que te divirtas, que te emociones, pero, sobre todo, con eles aprenderás que non todos os monstros son tan espantosos nin tan danifios como os pintan. A que esperas para descubri-lo?

Valores: Confianza, constancia, creatividade, criterio propio, diversidade, xenerosidade, imaxinación, responsabilidade, tolerancia, valentía.

Desde 10 anos	Terror, humor e fantasía
104 páxinas	ISBN: 978-84-682-1266-1



9. Grandes esperanzas

Charles Dickens


Adaptación de José María Pérez Zuñiga

Ilustracións de Iassen Ghiuselev

O orfo Pip namórase de Estella, unha ermosa rapaza que vive cunha excéntrica anciá. Para conquistar a súa amada, Pip decide converterse nun cabalero e arredarse da súa humilde familia. Esa cega ambición léva-lo a desdeñar a todos aqueles que o queren de verdade e a se deixar humillar polos que o desprezan, o cal fai que se sinta culpable e descubra, ao cabo, que o segredo da felicidade reside nos bos sentimentos.

Valores: Amizade, compañeirismo, confianza, constancia, xenerosidade, honradez, xustiza, responsabilidade.

Desde 11 anos	Aventuras e formación
224 páxinas	ISBN: 978-84-682-1275-3



10. Robinson Crusoe

Daniel Defoe


Adaptación de Eduardo Alonso

Ilustracións de Robert Ingpen

Dominado pola ambición e o afán de aventuras, o mozo Robinson Crusoe abandona o seu fogar paterno e, tras superar unha serie de perigosas aventuras e infortunios, naufraga nunha illa deserta. Para sobrevivir na illa e dominar unha natureza hostil, Crusoe verase obrigado a avivar o enxeño e a desenvolver múltiples destrezas.

Valores: Amizade, confianza, constancia, creatividade, criterio propio, xenerosidade, honradez, tolerancia, valentía.

Desde 11 anos	Novela de aventuras
144 páxinas	ISBN: 978-84-682-1299-9



11. O corcovado e outros contos de «As mil e unha noites»

Anónimo

Ilustracións de **Michael Foreman**

Nestes dez contos de *As mil e unha noites*, as anécdotas máis divertidas e as fábulas máis formativas conviven con historias tan fantásticas como a do home que gardaba na súa bolsa toda unha cidade, o corcovado que morreu catro veces e ao fin resucitou, o avaro que perdeu todo por mor dos seus zapatos e o leñador que tornou rico ao grito de «Ábrete, sésamo!».

Valores: Creatividade, criterio propio, diversidade, honradez, imaxinación, xustiza, valentía.

Desde 10 anos	Aventuras, fantasía e humor
128 páxinas	ISBN: 978-84-682-1302-6



12. O misterio dos bailaríns Penca de Prata

Arthur Conan Doyle

Ilustracións de **Tha**

A capacidade de observación e o talento dedutivo de Sherlock Holmes reloca nestes dous relatos subxugantes. En *O misterio dos bailaríns*, o famoso detective resolve un intrigante asinato grazas ao enxeño desciframento dun criptograma, mentres que en *Penca de Prata* Holmes ten que empregar toda a súa perspicacia para desbotar as probas que acusan o presunto culpable e identificar o verdadeiro asasino.

Valores: Amizade, compañeirismo, confianza, constancia, creatividade, criterio propio, honradez, imaxinación, xustiza, responsabilidade, valentía.

Desde 10 anos	Relatos policiais
128 páxinas	ISBN: 978-84-682-1300-2



13. Relatos de pantasmas


Steven Zorn

Ilustracións de **John Bradley**

Un viaxeiro comparte o camarote dun barco cun morto vivente... Un rapaz orfo recibe a visita de dúas pantasmas de curta idade que non pretenden outra cousa que salvarlle a vida... Atrévete a entrar no mundo misterioso e fantástico dos oito contos deste libro. En cada unha das súas páxinas atoparás unha sorpresa.

Valores: Creatividade, criterio propio, imaxinación, solidariedade, valentía.

Desde 9 anos	Misterio, terror e humor
96 páxinas	ISBN: 978-84-682-1301-9



14. Oliver Twist

Charles Dickens


Adaptación de **Pablo Antón Pascual**

Ilustracións de **Christian Birmingham**

Esta conmovedora novela narra as desventuras de Oliver Twist, un rapaz que medra nun refuxio de mendigos e que sofre incontables penalidades cando se une, sen sabelo, a una banda de garduños. Cun hábil manexo da intriga e o misterio, Dickens traiza un retrato satírico dunha sociedade incapaz de comprender que só o amor pode vencer os peores instintos humanos.

Valores: Amizade, compañeirismo, confianza, constancia, criterio propio, xenerosidade, honradez, xustiza, responsabilidade, solidariedade, valentía.

Desde 11 anos	Novela realista e moral
168 páxinas	ISBN: 978-84-682-1298-2



15. Miguel Strogoff

Jules Verne


Adaptación de **José María Pérez Zúñiga**

Ilustracións de **Javier Serrano**

O capitán Miguel Strogoff realiza unha longa e perigosa viaxe pola estepa siberiana para previr o gobernador de Irkutsk contra o traidor Iván Ogareff, que se aliou cos invasores tártaros. Polo camiño, o correo do tsar é capturado e cegado cun sabre incandescente polo inimigo. Así a todo, o tesón de Strogoff e a axuda da nova Nadia permiten que o heroe escape, se enfrente con Ogareff e deteña a invasión tártara.

Valores: Amizade, compañeirismo, confianza, constancia, criterio propio, xenerosidade, honradez, xustiza, responsabilidade, solidariedade, valentía.

Desde 11 anos	Novela de aventuras
176 páxinas	ISBN: 978-84-682-1442-9



18. As viaxes de Gulliver

Jonathan Swift

Adaptación de **Martin Jenkins**

Ilustracións de **Chris Riddell**

Tras naufragar na illa de Liliput, o doutor Lemuel Gulliver coñece os seus diminutos e mesquiños habitantes, capaces de declararlle a guerra ao país veciño ao non poñerse de acordo sobre como escachar os ovos. Nas viaxes sucesivas, Gulliver convive con outros personaxes extraordinarios, a través dos cales satiriza, con humor e enxeño incomparables, os defectos da sociedade e dos seres humanos.

Valores: Amizade, confianza, creatividade, criterio propio, diversidade, xenerosidade, honradez, imaxinación, xustiza, responsabilidade, tolerancia, valentía.



Desde 11 anos	Aventuras, fantasía e sátira social
160 páxinas	ISBN: 978-84-682-1643-0



19. Amigos robots


Isaac Asimov

Ilustracións de **David Shannon**

Nos dous relatos deste libro, Asimov describenos unha sociedade futura na cal os robots se converten en servidores dos seres humanos e mesmo chegan a suplir as súas carencias afectivas. Tal é o caso de Robbie, un dos contos máis tenros que escribiu o autor, e tamén de Sally, relato no que uns coches dotados de intelixencia defenden o seu dono do ataque duns malfeitores.

Valores: Amizade, confianza, creatividade, criterio propio, honradez, imaxinación, xustiza, ecoloxía, responsabilidade, solidariedade, tolerancia.

Desde 10 anos	Ciencia ficción
96 páxinas	ISBN: 978-84-682-1589-1



20. O mago de Oz

L. Frank Baum


Adaptación de **Germán Vives**

Ilustracións de **Robert Ingpen**

Da man da pequena Dorothy, Baum lévanos de viaxe ao máximo reino de Oz, onde as bruxas batallan coas fadas e o máis insólito é posible. Unha sucesión de emocionantes aventuras e personaxes inesquecibles apréndennos que todos os nosos soños poden facerse realidade se loitamos por eles con ilusión e esforzo.

Valores: Amizade, compañeirismo, confianza, constancia, criterio propio, diversidade, xenerosidade, honradez, imaxinación, xustiza, solidariedade, valentía.

Desde 9 anos	Fantasía e aventura
160 páxinas	ISBN: 978-84-682-1571-6



**Entra agora e crea
o teu plan lector!**



Síguenos en:

